

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE, A TRAVÉS DA SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE, E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DE MEDIDAS DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

REUNIDOS

Dunha banda, M^a Jesús Lorenzana Somoza, Conselleira de Emprego e Igualdade, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, a entidade Universidade de Vigo, CIF Q 86 500 02B, representada por Manuel Joaquín Reigosa Roger, que actúa en nome e representación da mesma, en virtude da súa condición de Reitor Magnífico no uso das atribucións que lle confire o artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, e o art.29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, de 24 de xaneiro, publicados no DOG N^o 38. do 22 de febreiro de 2019, que lle outorgan a facultade para asinar convenios en nome da Universidade de Vigo.

Interven en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril), e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro.



Segundo.- Que a Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución Española; no Estatuto de Autonomía de Galicia; no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade; na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo; e na demais lexislación aplicable na materia.

Terceiro.- Que a Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, establece, na súa disposición adicional segunda, que o Goberno da Xunta de Galicia impulsará a formalización e actualización de acordos interinstitucionais de coordinación entre as diversas instancias e administracións públicas con competencia na materia obxecto desta lei, que sirvan de canle de actuación e colaboración para conseguir, nos ámbitos policial, sanitario, social, xudicial, laboral educativo e de investigación, unha atención e asistencia integral e coordinada ás mulleres que sofren violencia de xénero, e que a Xunta de Galicia habilitará os instrumentos de colaboración necesarios para a prevención e o tratamento da violencia de xénero.

Cuarto.- Que o Parlamento Europeo na súa resolución de 1997 (DOC 304 do 06.10.1997) chama a atención das institucións europeas sobre a *“necesidade de realizar accións europeas de tolerancia cero respecto da violencia contra as mulleres”*. Ditas accións inscríbense no marco do seguimento da Plataforma de Pequín de 1995, da vontade da Comisión Europea de integrar a dimensión “xénero” en todas as súas políticas e particularmente no marco dos seus programas específicos, e mais especificamente aos agresores reais ou potenciais, aos nenos e nenas testemuñas da violencia familiar e ás mulleres vítimas de violencia, favorecendo a cooperación entre os distintos axentes, como os servizos públicos e as ONG’s, así como a participación activa da sociedade civil.

Quinto.- Que o 15 de novembro de 2016, o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou, por unanimidade, unha Proposición non de lei pola que se insta ao Goberno a promover a subscripción dun Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero,



polo Goberno da Nación, as Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía e a Federación de Municipios e Provincias, que siga impulsando políticas para a erradicación da violencia sobre a muller como unha verdadeira política de Estado. A Proposición establecía a creación, no seo da Comisión de Igualdade do Congreso, dunha Subcomisión que tiña como obxectivo elaborar un informe no que se identificaran e analizaran os problemas que impiden avanzar na erradicación das diferentes formas de violencia de xénero, e no que se incluían un conxunto de propostas de actuación, entre elas as principais reformas que deben acometerse para dar cumprimento efectivo a ese fin, así como ás recomendacións dos organismos internacionais. O Congreso, na súa sesión plenaria do 28 de setembro de 2017, aprobou o Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.

Pola súa parte, a Comisión de Igualdade do Senado decidiu, o 21 de decembro de 2016, a creación dunha Ponencia que estudase e avaliasse, en materia de violencia de xénero, os aspectos de prevención, protección e reparación das vítimas, analizase a estratexia para alcanzar e implementar un Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e examinase a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro. O 13 de setembro de 2017, o Pleno do Senado aprobou, por unanimidade, o Informe da Ponencia de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero.

Ambos informes conteñen un conxunto de propostas para previr e combater a violencia contra a muller e os seus fillos e fillas menores, e para mellorar na resposta que, desde as Institucións, se lles proporciona.

Sexto.- Que o Eixo 1 do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero de Estado, recolle medidas relativas á prevención e á sensibilización fronte a violencia de xénero, prevendo a posta en marcha de accións dirixidas a sensibilizar a toda a sociedade sobre o dano que producen a desigualdade as condutas violentas e a axudar á toma de conciencia sobre a magnitude do problema da violencia contra as mulleres e as consecuencias que ten para a súa vida e a das seus fillos e fillas. Estas actuacións terán como destinatarios principais a nenos e nenas, a adolescentes e á mocidade, para que interioricen a igualdade como un valor esencial para a convivencia entre mulleres e homes.

A Universidade de Vigo atópase en condicións de levar a cabo medidas concretas, segundo se recolle no obxecto do presente Convenio.



Sétimo.- Que a Universidade de Vigo, de acordo cos seus Estatutos, é unha institución de dereito público dotada de personalidade xurídica e patrimonio propio, que desfruta de autonomía, de acordo coa Constitución e coa Lei e a quen lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior, mediante a investigación, a docencia e o estudo.

Oitavo.- Que os Estatutos da Universidade de Vigo dispoñen, no primeiro parágrafo do art. 54 que “A Universidade de Vigo ten entre os seus obxectivos principais o desenvolvemento de políticas que promovan a igualdade de oportunidades entre as mulleres e homes, a promoción da vida familiar, persoal e laboral, a integración da diversidade sexual, a consecución dun contorno libre de acoso e a loita contra a violencia de xénero”.

Noveno.- Que a concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é establecer unha colaboración o máis estreita posible entre a Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, e as tres Universidades galegas para o desenvolvemento de medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

En consecuencia, ambas partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer as bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e a Universidade de Vigo, a través da Oficina de Igualdade de Xénero, para o desenvolvemento de medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, como as que se refiren a:

- Reforzar e ampliar en materia de Educación, os valores igualitarios e a educación





afectivo-sexual obrigatoria en todos os niveles educativos, fomentando que os mesmos se aborden de forma integral (aspectos fisiolóxicos e afectivo-emocionais). (Medida 3 do documento refundido do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero)

- Incluír en todas as etapas educativas, a prevención da violencia de xénero, do machismo e das condutas violentas, a educación emocional e sexual e a igualdade, o valore da diversidade e a tolerancia. (Medida 4 do documento refundido do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero)
- Implicar ás Unidades de Igualdade das Universidades na realización de estudos sobre o impacto do acoso, as agresións e os abusos sexuais no ámbito universitario, e valorar, no seu caso, a oportunidade de realizar campañas de prevención nos Campus Universitarios, e de forma particular das agresións sexuais “en cita”. (Medida 8 do documento refundido do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero)
- Incluír contidos de igualdade e contra a violencia de xénero nos temarios de acceso aos corpos docentes. (Medida 9 do documento refundido do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero)
- Introducir nos libros de historia a orixe, o desenvolvemento e logros do movemento feminista, no marco do Pacto de Educación.(Medida 10 do documento refundido do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero).
- Incluír no Master obrigatorio de acceso ao corpo de profesores/as de Educación Secundaria un módulo de prevención de violencia de xénero non ámbito escolar. Igual no título de Grao de Educación Infantil ou Primaria das Facultades de Ciencias da Educación (Medida 14 do documento refundido do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero).
- Ofertar formación permanente a docentes en prevención da violencia de xénero (Medida 15 do documento refundido do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero)
- Realizar campañas que teñan como público obxectivo á mocidade, utilizando preferentemente as tecnoloxías da información e comunicación (Medida 26 do documento refundido do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero).
- Dar formación á mocidade sobre o uso axeitado e crítico de internet e as novas tecnoloxías, especialmente na protección da privacidade e sobre os cibercriminos (stalking, sexting, grooming, etc) (Medida 34 do documento refundido do Pacto



de Estado en materia de violencia de xénero.

Segunda.- Financiamento

Para sufragar os gastos derivados do presente convenio, a Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, achegará a cantidade total de 40.000 € (corenta mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 05.11.313D.444.0 (código de proxecto 2018 00112) dos orzamento xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

Os importes asignados a cada unha das actuacións a desenvolver poderán ser obxecto de modificación, sen que en ningún caso se supere a cantidade total establecida.

O presente financiamento enmárcase nos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Igualdade), correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceira.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e que sexan realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 30 de novembro de 2020. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Cuarta.- Xustificación da subvención e pagamento

A xustificación dos gastos efectuarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que a desenvolve, mediante a presentación da seguinte documentación:

- **Memoria final** das actuacións desenvolvidas, na que se recollerán os medios humanos e materiais empregados, as experiencias do funcionamento, que indicará, as actividades realizadas e, de ser o caso, as persoas participantes en cada actuación desagregadas por sexo, ademais daqueles outros aspectos que a entidade considere salientables.





- **Certificación** da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade da axuda concedida, na que se faga constar de forma detallada:
 - o cumprimento da finalidade para a cal foi concedida a subvención
 - os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada
- **Declaración responsable** doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- **Declaración responsable** de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Consellería de Emprego e Igualdade comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

Se o importe xustificado fose menor á previsto na cláusula segunda deste convenio e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía que sexa obxecto de xustificación.

A Consellería de Emprego e Igualdade a través da Secretaría Xeral da Igualdade, reservarse o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte da entidade beneficiaria remata o 3 de decembro de 2020.

Quinta.- Tramitación na sede electrónica da Xunta de Galicia

A documentación relativa á tramitación deste convenio de colaboración presentarase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregarase o procedemento PR004, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin cun modelo electrónico normalizado.



Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Sexta.- Notificacións

As notificacións practicaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.



Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Sétima.- Pagamentos a conta

Poderanse realizar pagamentos a conta por un importe de ata o 80% do importe da subvención conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo da execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para proceder ao seu pagamento, a entidade deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula cuarta, agás a memoria de actuación.

Oitava.- Reintegro da subvención

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro total ou parcial, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

De acordo co artigo 14.1 n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- o incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestímulo pola outra parte, procederase á súa inmediata disolución. Concorridos tales supostos reintegrarase ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos



xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos mais perentorios que esta dispuxese.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

Novena.- Compromiso das partes

A Universidade de Vigo, como entidade beneficiaria da subvención, comprométese a:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto, e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, sen percibir ningunha remuneración por parte das persoas usuarias deste programa.
- Realizar a divulgación das actuacións segundo as instrucións que determine a Secretaría Xeral de Igualdade e facer constar expresamente en toda publicidade ou presentación pública que se realice o logotipo da Xunta de Galicia, así como que as axudas están a ser financiadas con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Igualdade), deixando constancia, se fora o caso, na sinalización exterior dos lugares onde se realicen as accións, e sempre nas actividades de difusión, que estas se financian cos mencionados fondos (incluíndo o logotipo do Ministerio ademais do da Xunta de Galicia e demais logotipos estipulados pola Comunidade Autónoma de Galicia).
- Empregar a lingua galega en todas as actuacións derivadas do presente convenio, incluíndo a información en páxinas web. Non obstante o anterior, empregarase a lingua castelán se esta é a elixida pola persoa interesada.
- Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias á Administración e á Seguridade Social correspondentes ás accións das que se derive o pagamento de impostos, retencións e cotas que conlevan as actuacións derivadas da execución do convenio.
- Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma e da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade.



- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- Cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.
- Comunicar á Secretaría Xeral da Igualdade calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- Tratar dun xeito confidencial toda a información recibida directa ou indirectamente e a non utilizar ningún dato desa información de maneira distinta ao obxecto do presente convenio. Así mesmo queda obrigado a manter de forma confidencial e a non revelar ningún dato da información coñecida sen o consentimento previo da Secretaría Xeral de Igualdade.
- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula



segunda.

Décima.- Compatibilidade

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

Décimo primeira.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Consellería de Emprego e Igualdade, ou calquera organismo ou entidade dependente ou vinculado a mesma, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Décimo segunda.- Modificación do convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décimo terceira.- Causas de resolución



Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime das partes asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo cuarta.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada, por parte da Consellería de Emprego e Igualdade, pola secretaria xeral de Igualdade, que poderá dispor que a substitúa algún/ha funcionario/a desa Secretaría, e, por parte da Universidade de Vigo, pola persoa que sexa designada.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décimo quinta.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.1.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Consellería de Emprego e Igualdade, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer



recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo sexta.- Publicidade e rexistro do convenio

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informará na páxina web oficial da súa subscrición cos seguintes datos: identificación das partes que interveñen, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia.

A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, a Consellería de Emprego e Igualdade publicará no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial, a relación das/dos beneficiarias/os e o importe das axudas concedidas e incluírá as sancións que, como consecuencia delas, se puidesen impoñer nos correspondentes rexistros públicos. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso da/o beneficiaria/o a favor da Administración concedinte, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicidade.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións

Décimo sétima.- Protección de datos

En cumprimento dos artigos 29 e 30 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento



Europeo e do Consejo de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas en canto ao tratamento de datos personais e a la libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), a Universidade de Vigo, en calidade de encargada do tratamento, realizará actividades de tratamento por conta da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade, en calidade de responsable do tratamento, respecto aos datos de carácter persoal necesarios para a execución do presente convenio.

Así mesmo adaptarán as súas actuacións ao previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, así como nas demais disposicións vixentes sobre a materia.

O tratamento de datos consistirá nas actividades necesarias para xestionar o presente convenio.

Décimo oitava.- Duración

O presente Convenio terá vixencia dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2020.

A CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE O REITOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO

P.D (D. A. 2ª Decreto 130/2020, do 17/9/20)
A SECRETARIA XERAL DA IGUALDADE

Susana López Abella

Manuel Joaquín Reigosa Roger



ANEXO

MEDIDAS DO PACTO DO ESTADO A DESENVOLVER POLA UNIVERSIDADE DE VIGO NO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE MEDIDAS DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

EIXE	MEDIDA	IMPORTE €
1	3. Reforzar e ampliar en materia de Educación, os valores igualitarios e a educación afectivo-sexual obrigatoria en todos os niveles educativos, fomentando que os mesmos se aborden de forma integral (aspectos fisiolóxicos e afectivo-emocionais)	40.000
1	4. Incluír en todas as etapas educativas, a prevención da violencia de xénero, do machismo e das condutas violentas, a educación emocional e sexual e a igualdade, o valor da diversidade e a tolerancia.	
1	8. Implicar ás Unidades de Igualdade das Universidades na realización de estudos sobre o impacto do acoso, as agresións e os abusos sexuais no ámbito universitario, e valorar, no seu caso, a oportunidade de realizar campañas de prevención nos Campus Universitarios, e de forma particular das agresións sexuais “en cita”.	
1	9. Incluír contidos de igualdade e contra a violencia de xénero nos temarios de acceso aos corpos docentes.	
1	10.Introducir nos libros de historia a orixe, o desenvolvemento e logros do movemento feminista, no marco do Pacto de Educación.	
1	14.Incluír no Master obrigatorio de acceso ao corpo de profesores/as de Educación Secundaria un módulo de prevención de violencia de xénero non ámbito escolar. Igual no título de Grao de Educación Infantil ou Primaria das Facultades de Ciencias da Educación	
1	15.Ofertar formación permanente a docentes en prevención da violencia de xénero	
1	26.Realizar campañas que teñan como público obxectivo á mocidade, utilizando preferentemente as tecnoloxías da información e comunicación	
1	34.Dar formación á mocidade sobre o uso axeitado e crítico de internet e as novas tecnoloxías, especialmente na protección da privacidade e sobre os ciberdelitos (stalking, sexting, grooming, etc)	

